

SOLUCIÓN Ciencias Sociais. Tema 2, Punto 6. Exercicios 1 e 2. (LUNS 23)

1. Observa as seguintes imaxes e describe a vexetación de cada fotografía. A continuación, explica que condicións climáticas precisa cada unha para a súa supervivencia.

Na primeira imaxe vemos un bosque de piñeiros, aciñeiras e sobreiras. Trátase de plantas perennifolias, ás que non lles caen as follas. É unha vexetación típica da paisaxe mediterránea e precisan un clima caloroso e pouco chuvioso. Polo tanto, son especies propias do clima mediterráneo. Podemos atopalas en Andalucía, Estremadura ou Murcia.

Na segunda das imaxes vemos un bosque de carballos, faias e fentos. Son especies caducifolias (cáelles a follas). Precisan temperaturas suaves e moita auga, choivas abundantes e regulares. É a vexetación típica da paisaxe e o clima oceánico ou atlántico. Pode ser unha paisaxe galega, asturiana, de Cantabria ou do País Vasco.

A terceira das imaxes representa diferentes tipos vexetais como a laurisilva e a sabina. Son especies que precisan calor e pouca auga. É a vexetación típica dun clima subtropical. Atópase nas Illas Canarias.

2 Explica como son as temperaturas e as precipitacións de cada un dos seguintes lugares de España. Copia a seguinte táboa no teu caderno e complétaa.

Lugar	Temperaturas		Precipitacións	Clima
	Os invernos son...	Os veráns son...	As choivas son...	Pertence ao clima...
Galicia	...suaves.	...frescos.	...abundantes ao longo de todo o ano	...atlántico ou oceánico
Murcia	...suaves.	...calorosos.	...escasas ao longo de todo o ano	...mediterráneo seco
Tenerife	...calorosos.	...calorosos.	...escasas ao longo de todo o ano.	...subtropical
Cáceres	...fríos. Temperaturas baixas.	...calorosos.	...escasas, máis frecuentes na primavera e no outono	...mediterráneo continental
Pireneos	fríos	...frescos	...frecuentes en forma de neve	...de montaña